



Á/A DIRECCIÓN DE RRHH DA ÁREA SANITARIA DE SANTIAGO
DIRECCIÓN DE ENFERMERÍA DA ÁREA SANITARIA DE SANTIAGO
Xefa de Servizo da U.P.R.L ÁREA SANITARIA DE SANTIAGO

Santiago de Compostela a 26 de Marzo do 2020

Os delegados abaixo asinantes, en representación da CONFEDERACIÓN INTERSINDICAL GALEGA DE SAÚDE COMPOSTELA, con enderezo a efectos de notificación en sección sindical CIG-SAÚDE do H. Clínico de Santiago de Compostela, proceden a notificación de diversas incidencias que se están a producir nas unidades e servizos co motivo do COVID-19:

• **PROTOCOLOS:**

◦ Estamos a comprobar unha serie de **desactualizacións** en diversos protocolos que deberían actualizarse a fin de non crear máis confusión da existente entre @s traballador@s:

- exp. Protocolo de diagnóstico, manexo e notificación de casos de infección polo coronavirus da versión v1 do 16/03/2019, páx 6 e páx 16: Envío de mostras microbiolóxicas ao CNM de Majadahonda.... Estanse a derivar probas a Majadahonda nestes momentos?
- Exp. Páx 19, Algoritmo resumo da actuación ante posible sospeita de caso posible de covid-19 , versión 02 do 19/02/2020? Estivo en China?
- Ligazóns que non remiten ás páxinas de referencia
- Non se entende a diferenza de criterios entre os emanados dende o Ministerio de Sanidade e os aplicados dende esta Xerencia... distancia de seguridade diferentes 2 m/1m, retirada de epis ... xa que ao noso modo de ver, son moito máis garantistas os do ministerio para a seguridade e protección d@s traballador@s.
 - Protocolo Ministerial: Paciente confirmado ou en sospeita, mascarilla cirúrxica e si profesional a menos de 2 metros usar FFP2 mentras que no protocolo desta Xerencia mascarilla cirúrxica ? (páx 15 do plan prevención desta Xerencia)
 - Las mascarillas FFP2 e FFP3 marca claramente o Ministerio que non son reutilizables, cousa que @s traballador@s se lle está a decir que si

• **INCUMPRIMENTO PROTOCOLOS**

◦ Traslado en Ambulancia dende o H. Provincial da unidade do 2º D, dunha persoa con COVID + . Acude o conductor e ninguén lle informou que era +. Luns 23 na quenda de noite.

- Son múltiples as queixas do persoal sobre a escaseza de material EPI, especialmente no ámbito de At. Primaria, tanto ordinaria como Pac, e chegan a decir que nulos e cal é o procedemento de actuación ante un caso + e falta de material para atendelo
 - Traballadores especialmente sensibles. Páx 7 do PROCEDEMENTO DE ACTUACIÓN PARA LOS SERVICIOS DE PRL FRENTE A EXPOSICIÓN SARS-COV-2 DO 24 DE MARZO DO MINISTERIO DE SANIDAD..... estase a levar a cabo en tempo e forma unha emisión das medidas de prevención, adaptación e protección aos grupos vulnerables para o COVID-19 de xeito individual evaluando o risco e as tarefas a realizar?
 - Planta Paliativos H. Provincial: 2 resultados + de traballador@s, 4 traballador@s en cuarentena na casa ante posible sospeita, 1 traballador@ (entendese que contacto estreito de alto risco, páx 8 do plan de prevención) pendente de resultado , e antes de ter o resultado se lle comenta que poña un mascarilla cirúrxica para ir traballar na quenda de N, sin saber o resultado?
- **FORMACIÓN**
 - Estase a recibir queixas sobre a formación que se lle está a dar @s traballador@s:
 - improvisada ao persoal que é mobilizada dende distintas unidades, como as do H. Provincial cara o H. Clínico
 - Masificación da formación: en número superior as recomendacións establecidas nos distintos protocolos, en canto a separación de seguridade e concentración de persoal nas aulas.
 - Pouco participativas: o persoal queixase de que non participa na colocación e retirada dos EPIs, sendo só unha clase teórica e non como consta no plan formativo elaborado pola propia UPRL.
 - **NOTIFICACIÓNS**
 - Como delegados de PRL solicitamos notificacións en Xesda, dos sucesos acaídos referentes á exposición do coranovirus (sars-cov-2) cousa que non se está a facer nin comunicar por ningún método.

Atte.



Xabier Alvedro Álvarez



Antonio Ramos Benito